

Vigo
14-nov.
1952

Sr. D. Luis Tobío
Montevideo

Meu querido amigo:

Quero a preparar un volume de ensaios sobre a Saudade, semelhante ô que lle adicamos a Rosalía, e que ti xa coñeces. Queremos que ti nos pagas un traballo sobre o tema, desde o punto de vista que estimes conveniente. A extensión, polo estilo ^{de} dos que se publicaron sobre Rosalía. Deberá estar escrito en galego, e firmado co teu nome, pois que preferimos o emprego de pseudónimo. Quixéramos telo no noso poder antes de primeiros de ano, pra non demorar a edición do volume. Si por calques motivos non puideses facer o estudo, estimariámolo que nos comunicases a volta de correo. De todos os xeitos, penso que non nos negarás iste favor que solicitamos de ti con grandes esperanzas de que seña atendido. Quero invocarche pra ilo a nosa vella amizade, e a comunidade de aspiracións que nos xunquen.

Mil gracias anticipadas, e a forte aperta de sempre, de

Salvador